

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS DE LIMPEZA, 3 PEÓNS DE OBRAS (ALBANELES) E 1 CONSERXE EN RELACIÓN O CONVENIO DEPUEMPREGO DA ECMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E CONCELLO DE MONTERROSO CON UNIA FINANCIACIÓN 41.844,92 €.

1º.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de 3 peóns de limpeza para formar parte do Servizo municipal de limpeza e mantemento , durante seis meses a xornada dun 50%; 3 peóns de obras para formar parte do Servizo municipal de obras, durante seis meses a xornada dun 100%, para apoio a brigada de vias e obras e 1 conserxe para apertura, peche, vixilancia e mantemento do espazo cultural “Lorenzo Varela”, durante seis meses a xornada dun 100%, vinculados ó convenio de colaboración coa Exema. Deputación de Lugo a través do Depuemprego, asinado en data 26/09/2016.

2º.- Tipo e duración do contrato:

Os contratos serán de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social de duración determinada de 6 meses.

A xornada laboral para segúrn os casos a tempo parcial do 50% da xornada total e a xornada completa; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do alcalde-presidente.

3º.- Retribucións:

As retribucións íntegras mensuais serán as seguintes:

Peóns limpeza: Soldo base: 397,80; P.P.paga extra: 66,30.

Peóns de obras: Soldo base: 795,56; P.P. paga extra: 132,59.

Conserxe: Soldo base: 795,56; P.P.paga extra: 132,59.

4º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no se caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Declaración responsable de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentencia firme.

e) Declaración responsable de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

ñ) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

5º.- Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levaráscase a cabo da forma prevista no artigo 12º da Orde do 14 de xullo de 2016, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado para a súa presentación no Concello de Monterroso, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

6º.- Admisión de aspirantes

Despois da presentación de todos os candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a Alcaldía dictará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no tabociro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es), indicarase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará no tabociro de anuncios do Concello de

Monterroso e na súa páxina web, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

7º.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:

-Presidente/a: Blanca María Vázquez Enríquez, tesorera do Concello de Monterroso. Suplente: Patricia Corral Rodríguez.

-Secretario/a: Froilan Pallín Seco, Secretario-Interventor Acumulado do Concello de Monterroso. Suplente: Pilar Fernández Mouri, Traballadora Social do Concello de Monterroso.

-Vogais: Miguel Calvo Rodríguez, Salomé Santalla Carbajal e José Luis Mato Vázquez , empregados públicos do Concello de Monterroso. Suplentes: Fernando Otero Gómez, Carlos García Carballo e José Antonio Barrio Cabana, empregados públicos do Concello de Monterroso.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de Régimen Jurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá disponer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioria de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzcan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

8º.- Selección:

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de Valoración de méritos + Entrevista según o seguinte baremo:

1.- EXPERIENCIA LABORAL (Máximo 5 puntos)

-0,5 puntos por ano traballado en postos directamente relacionados co posto de traballo en concellos ou en empresas.

(Acreditarase con informe de vida laboral e copia de contratos de traballo)

2.- MULLERES: 1 punto.

3.- FAMILIA MONOPARENTAL: 2 puntos.

(Acreditarase con certificado convivencia ou calquera outro documento xustificativo)

4.- DISCAPACIDADE: minusvalía > 33%: 3 puntos.

(Acreditarase con certificado de minusvalía)

5.- IDADE:

,18 -29 anos: 1 punto.

,30 -44 anos: 2 puntos.

,45 anos ou máis: 4 puntos.

**6.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO
(SEGÚN VIDA LABORAL)**

. Non ter traballado ou 12 meses máximo: 1 punto.

. Mais de 12 meses: 2 puntos.

. Mais de 18 meses: 4 puntos.

(Acreditarase con informe de vida laboral actualizado).

7.- ENTREVISTA PERSONAL (máximo 5 puntos)

Valorarase a disponibilidade para o traballo, e adaptación ó mesmo.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 6).

2) Solicitante de maior idade.

9º.- Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de trabalho, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.monterroso.es; os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de fuerza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecenalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10º.- Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquello non previsto expresamente nestas bases.

Asimismo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, del *Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interponer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.cs), ante o alcalde do Concello de Monterroso, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1

de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na súa páxina web (www.monterroso.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, c outra normativa concordante.

ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D. _____, con DNI
núm. _____, e domicilio para efectos de notificación
en _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos [2]:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de corrcos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, fles sexa aplicable a libre circulación dc traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude dc tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Monterroso, ____ de _____ de _____

O solicitante,

Asdo: _____